



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANUNCIO DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO ALCALDE NA NOVA CONCELLEIRA DO GOBERNO DE VAL DO DUBRA RAQUEL MALLO DOMÍNGUEZ

Por esta Alcaldía, mediante resolución número 653/2024, de data 06/09/2024, adoptouse o seguinte acordo:

*“Considerando conveniente para o mellor funcionamento do Concello de Val do Dubra o nomeamento de **concelleiros/as delegados/as**.*

Vista a Resolución da Alcaldía número 415/2023, de data 22/06/2023, onde se delegan as competencias da Alcaldía nos distintos concelleiros e concelleiras da corporación, publicada no BOP número 133, de data 13 de xullo de 2024.

Vista a renuncia ao posto de concelleira de D^a. Tania Barcia Fernández con número de rexistro de entrada 202499900000806, de data 14/07/2024.

Visto que a concelleira D^a Raquel Mallo Domínguez tomou posesión do seu cargo de concelleira en sesión plenaria de data 22/08/2024.

*Por todo o anterior e tendo en conta o contido dos artigos 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 43 e seguintes do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Alcaldía, en uso das súas atribucións, **RESOLVE:***

Primeiro. *Efectuar a seguinte delegación, que comprenderá a xestión das correspondentes áreas:*

Concellería delegada	Concelleiro/a
CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, FACENDA, COMERCIO, TURISMO E IGUALDADE <i>Comprende as áreas e funcións de Orzamentos, Tributos, Tesourería, Comercio, Consumo, Feiras, Turismo e Igualdade</i>	Raquel Mallo Domínguez

O contido das delegacións en favor dos concelleiros/as que se designan comprende a facultade de dirixir os servizos correspondentes ás áreas que comprenden, así como a de xestionalos, incluída a competencia para formular propostas, asinar escritos e comunicacións de trámite, recordatorios e outros semellantes, pero non a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Segundo. *Notifíquese esta resolución á concelleira interesada a fin de que exprese a súa aceptación. Esta resolución terá efectos dende a dita aceptación pola concelleira*



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

interesada.

Terceiro. *Publíquese esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Val do Dubra.*

Cuarto.- *Dese conta ao Pleno da Corporación en cumprimento do establecido no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais”.*

Val do Dubra, a 12 de setembro de 2024.

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez

Val do Dubra, naturalmente